

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
15 DE OUTUBRO DE 2004**

CONCORRENTES

Presidente

Don Juan Antonio Maceiras Barros (CIM)

Concelleiros

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)

Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)

Don Juan José Herva Mallo (PP)

Don José María Laya Carril (CIM)

Dona María Rosario Manso López (CIM)

Don Antonio Medín Pena (PP)

Don José Paz Tenreiro (PP)

Don Manuel José Pérez Martínez (PP)

Don Luis Purriños Pena (CIM)

Don José Manuel Rodríguez Vidal (CIM)

Don Jesús Veiga Sabín (PP)

Dona Eva María Vilariño González (CIM)

Interventora

Dona Marta Roca Naveira

Secretario

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás trece horas e cinco minutos do día quince de outubro de dous mil catro, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública ordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten a totalidade dos membros que de feito e dereito compoñen a Corporación, concelleiros: don José María Laya Carril; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; dona Eva María Vilariño González; dona María Rosario Manso López; don Jesús Veiga Sabín; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Antonio Medín Pena; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Asiste a interventora municipal dona Marta Roca Naveira.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior correspondente ao día 28 de setembro de 2004, queda aprobada por unanimidade.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.- Dáse conta e quedan informados das resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última sesión ordinaria núm. 308/04 ao 409/04, ambas as dúas incluídas, referentes a persoal, contratación, sancións de tráfico, aprobación de facturas e outras, as cales estiveron a disposición dos señores concelleiros para o seu exame desde a convocatoria da sesión, así como decretos de ordenación de gastos núm. 23/04 ao 38/04 ambos os dous incluídos.

3.- TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO ENTRE PARTIDAS DO MESMO GRUPO DE FUNCIÓN.- En cumprimento do disposto nas Bases de execución do orzamento, dáse conta e quedan informados das transferencias de crédito aprobadas entre partidas do mesmo grupo de función:

Transferencia de crédito por importe de 541,72 euros realizada o día 15 de xullo, sendo as partidas afectadas as seguintes:

Partida incrementada: 751/13100: 751/16000

Partida minorada: 751/22700

Transferencia de crédito por importe global de 7.203,49 euros realizada o día 27 de agosto, sendo as partidas afectadas as seguintes:

Tc importe: 2.478,74

Partida minorada: 222/23001

Partida incrementada: 223/48900
Tc importe: 4.600,00 euros
Partida minorada: 451/22607
Partida incrementada: 451/48900; 452/48900
Tc importe 124,75 euros.
Partida minorada: 121/22700
Partida incrementada: 121/46600

4.- CONVENIO COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA A RECUPERACIÓN DO VERTEDOIRO DE RSU.- Informados da proposta de modificación do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e este Concello de Miño, para a recuperación do vertedoiro de residuos sólidos urbanos, consistente na modificación da cláusula 7ª no sentido de ampliar a eficacia do convenio ao 31 de decembro de 2005; o Pleno do Concello acorda por unanimidade a modificación proposta.

5.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDO DE DETALLE.- Examinado o estudo de detalle presentado por don Manuel Botana Lobon en nome e representación de LUMIERA S.L. para a ordenación dun predio en Lago-Perbes (Ordenanza Z-1 A do PXOM), redactado polos arquitectos don Miguel A. Abad e don Antonio Deus e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia coa data do 25-5-2004.

Considerando que foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 2 de agosto de 2004 e sometido a información pública durante o prazo de vinte días hábiles, con publicación de anuncios no taboleiro de edictos do Concello, periódico El Ideal Gallego do día 13 de agosto de 2004 e Diario Oficial de Galicia núm. 157 do 13 de agosto de 2004, sen que durante o prazo de exposición pública se presentase reclamación ningunha.

O Pleno do Concello co voto en contra dos concelleiros Sres. Abraira Sobrado do BNG e Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE, que suman dous votos, e o voto favorable dos once membros restantes da Corporación que asisten á sesión, acorda:

1º.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle para a ordenación dun predio en Lago-Perbes (Ordenanza Z-1 A do PXOM) presentado por Lumiera s.L. e redactado polos arquitectos Sres. Abad e Deus e visado polo COAG o día 25-5-2004.

2º.- Que se lle notifique este acordo a Lumiera S.L. e se publique no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro de edictos do Concello.

O concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas explicou o seu voto en contra, xa que ao seu xuízo este estudo de detalle vulnera a normativa legal e é a nosa obriga, di, cumprir esta.

O Sr. Abraira do BNG sinala que se posiciona en contra xa que esta figura de propiedade horizontal "tombada" sería aplicable a un edificio, pero non a este caso, xa que se están proxectando quince vivendas, non unha soa.

6.- APROBACIÓN DEFINITIVA DE ESTUDO DE DETALLE.- Examinado o estudo de detalle presentado por don Juan Infante Vázquez en nome e representación de INFANTE PRADO C.B. para a ordenación dun predio na estrada de Miño a Perbes, esquina co camiño das Gaivotas en Perbes, redactado polo arquitecto Sr. Díaz Barbeito e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia coa data do 8-7-2004.

Considerando que foi aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 2-8-2004 e sometido a información pública durante o prazo de vinte días hábiles, con publicación de anuncios no taboleiro de edictos do Concello, periódico La Voz de Galicia do día 7 de agosto de 2004 e Diario Oficial de Galicia núm. 157 do 13-8-2004, sen que durante o prazo de exposición se presentase reclamación ningunha.

O Pleno do Concello co voto en contra dos concelleiros Sres. Abraira Sobrado do BNG e Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE, que suman dous votos e o voto favorable dos once membros restantes da corporación, que asisten á sesión, acorda:

1º.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle para a ordenación dun predio na estrada de Miño a Perbes, esquina co camiño das Gaivotas na parroquia de Perbes, redactado polo arquitecto Sr. Díaz Barbeito e visado polo COAG coa data do 8-7-2004.

2º.- Que se lle notifique este acordo ao promotor Infante Prado C.B. e se publique no taboleiro de edictos do Concello e no Diario Oficial de Galicia.

O concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas manifestou que se ratificaba no dito anteriormente sobre o punto anterior e o Sr. Abraira do BNG recalca o dito con anterioridade.

O Sr. alcalde contéstalle que os promotores poderían facer as vivendas unidas e en liña e isto sería feísimo, ademais que a nosa obriga é cumprir co planeamento aprobado e así se deduce dos informes unidos.

7.- PREZO PÚBLICO POR ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE.- Visto o expediente tramitado para o establecemento do prezo público por actividades culturais e sociais da 3ª idade, fixéndoas en 5 euros por cada actividade e ao mesmo tempo delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a fixación dos prezos públicos neste Concello, de acordo co que dispoñen os art. 47.1 da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) e 23.2. b) da Lei de bases do réxime local (LBRL).

Vistos os informes favorables da Secretaría e da Intervención e o dictame da Comisión Informativa, o Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Fixar o prezo público por actividades culturais e sociais da terceira idade durante o ano 2004 en 5 euros por cada actividade.

2º.- Delegar na Xunta de Goberno Local, de conformidade co que dispoñen os artigos 47.1 da LRFL e 23.2 b) da LBRL, a competencia para fixar os prezos públicos neste Concello.

8.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.- Dada conta da providencia da Alcaldía, propoñendo o recoñecemento extraxudicial dun crédito por importe de 715,95 euros a favor de Coruñesa Ahorro Energético, por unha factura do mes de decembro de 2003, xa que non existe crédito no Orzamento vixente. Visto o informe favorable de Intervención, o Pleno do Concello acorda por unanimidade este recoñecemento extraxudicial de crédito.

9.- ORGANIZACIÓN FUNCIONAL MUNICIPAL.- Dada conta da proposta da Alcaldía relativa á organización funcional neste Concello de Miño, que copiada di así:

"En virtude das facultades que me confiren as normas xurídicas vixentes relativas á organización e funcionamento interno do Concello, a saber:

- Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Real decreto 2568/86, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

E baseándome nas resolucións desta Alcaldía que foron comunicadas ao Pleno municipal na sesión extraordinaria celebrada o día 7 de xullo de 2003, estimo conveniente proceder ao desenvolvemento da organización funcional municipal, como complemento e apoio da estrutura orgánica básica a través dos seus órganos xa establecidos: o alcalde, os tenentes de alcalde, o Pleno, a Xunta de Goberno Local e as comisións informativas.

Exposición de motivos

Este desenvolvemento da organización funcional xurde da necesidade de contar, como xa se indicou no Pleno do 7 de xullo de 2003 "cunha Administración áxil que resolva dun modo rápido os problemas do día dos nosos administrados".

E por este motivo, xa indiquei entón que é necesario "unha Administración municipal que separe a xestión da planificación e da actuación política."

A proposta presentada por esta Alcaldía e aprobada polo Pleno nos seus mesmos termos recollía unha estrutura municipal baseada en áreas funcionais:

En función da experiencia obtida estimo adecuado definir o seu desenvolvemento funcional para así proceder á correspondente asignación de tarefas e responsabilidades.

E e base a estes motivos PROPOÑO QUE:

1.- A Administración municipal organízase en áreas, comprendendo cada unha delas un ou varios sectores homoxéneos de actividade.

A xestión operativa das áreas, así como os sectores de actividade integrados nestas, corresponderán aos directores de área que serán nomeados e cesados libremente polo alcalde entre o persoal laboral ou funcionario ao servizo do Concello.

2.- A delimitación destas áreas funcionais na Administración municipal do Concello de Miño correspondería con:

A. Gabinete de Alcaldía

B. Área de Servizos ao Cidadán

C. Área de Servizos á Cidade

D. Área de Servizos Internos

3.- As funcións e competencias de cada área serán as seguintes:

A.- Gabinete de Alcaldía

As súas principais funcións son:

- Asesoramento xurídico cuxo papel é o de:
 - Asistencia xurídica ao alcalde, á Xunta de Goberno Local e aos órganos directivos.
 - Representación e defensa en xuízo do Concello, sen prexuízo do disposto no apartado segundo do artigo 447 da Lei 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.
- Gabinete de Comunicación.
 - Relación cos medios de comunicación.
 - Páxina web do Concello.
 - Relación con outras entidades e organismos.
- Participación cidadá
 - Atención ao cidadán
 - Xestión de queixas, suxestións e reclamación.
 - Xestión da calidade do servizo municipal.
 - Apoio aos órganos políticos (pleno e comisións informativas)

B.- Área de Servizos ao Cidadán

A súa principal función é a xestión de políticas e servizos municipais orientados ao desenvolvemento integral (benestar social, cultura, educación, emprego e deporte) dos cidadáns de Miño. Estará composto polas seguintes funcións:

- Benestar social. As competencias, entre outras, son:
 - Xestión de políticas municipais, encamiñadas á mellora do benestar social, con accións positivas a favor dos sectores especialmente desfavorecidos.
 - Xestión da cooperación con outras administracións públicas en materia de asuntos sociais.
 - Xestión das axudas sociais propias do Concello ou que proveñen doutras entidades.
 - Tramitación e xestión de asistencia a persoas desfavorecidas.
 - Xestión de programas dirixidos ás distintas áreas sectores de actuación: infancia, xuventude e terceira idade.
- Educación e emprego. As competencias, entre outras, son:
 - Coordinación dos centros educativos do ámbito municipal.
 - Xestión dos servizos de emprego municipais.
 - Fomento do emprego no municipio.
- Turismo e festas. As competencias, entre outras, son:
 - Xestión das festas locais.
 - Promoción turística do municipio.

- Cultura. As competencias, entre outras, son:
 - Xestión da Biblioteca Pública Municipal.
 - Xestión da Oficina de Información Xuvenil.
- Xuventude e deportes. As competencias, entre outras, son:
 - Xestión de programas específicos de xuventude e deportes.
 - Xestión de instalacións deportivas municipais.
 - Desenvolvemento e xestión das políticas municipais encamiñadas ao mellor desenvolvemento dos cidadáns no ámbito cultural e da xuventude.

C. Área de Servizos á Cidade

A súa principal misión é conseguir que a cidade preste todos os servizos necesarios (auga, iluminación pública, saneamento, accesibilidade viaria, recollida de residuos...) e os manteña en mellores condicións para que os cidadáns e as entidades poidan desenvolver a súa actividade. Estará composta polas seguintes funcións:

- Planificación urbanística. As competencias son:
 - Planificación urbanística.
 - Xestión da aplicación e e execución do Plan Xeral de Ordenación Urbana.
 - Redacción de proxectos, memorias e outros traballos técnicos de obras a executar pola Corporación.
- Planificación estratéxica. As competencias son:
 - Estudo e deseño dos grandes proxectos do Concello.
 - Seguimento dos grandes proxectos.
 - Prospección de mercados e novas alternativas de desenvolvemento.
 - Calidade dos servizos públicos.
- Licenzas municipais. A competencia é:
 - Xestión das licenzas urbanísticas da cidade.
- Mantemento da cidade. A competencia é:
 - Mantemento de edificios, instalacións e bens de propiedade municipal.
 - Limpeza de vías públicas e instalacións.
 - Execución de obras municipais.
 - Mellora e inspección das infraestruturas municipais.
 - Coordinación con efectivos contra incendios, catástrofes, accidentes.
 - Xestión do servizo de subministración de auga potable e saneamento.
 - Xestión do servizo de recollida do lixo.
 - Xestión do servizo de iluminación pública.
 - Xestión e conservación do medio ambiente.


D. Área de Servizos Internos.

A súa misión é facilitar os medios e recursos para poder alcanzar os obxectivos formulados polo plan estratéxico do Concello e os programas e servizos que prestan as áreas de servizos á cidade e ao cidadán. Ademais, xestionará todos os fondos patrimoniais do Concello e velará polo axuste á norma de todas as resolucións e expedientes. Para isto contará coas seguintes funcións:

- Económica-financeira. As competencias son:
 - Subvencións.
 - Orzamentos.
 - Tributos.
 - Contabilidade.
- Xestión interior. As competencias son:
 - Compras de bens e servizos.
 - Xestión de persoal.
 - Almacén.
 - Parque móbil.
 - Informática.
- Tesourería. As competencias son:
 - Manexo e custodia de fondos, valores e efectos do Concello.

- Servizos de recadación municipal.
 - Seguridade e mobilidade. As competencias son entre outras:
 - Protección e asistencia á cidadanía en materia de seguridade pública, de acordo co que dispoñan as leis que afecten aos servizos da policía local.
 - Vixilancia de instalacións, dependencias e intereses municipais.
 - Ordenación e vixilancia do tráfico rodado no termo municipal.
 - Inspección e vixilancia do cumprimento das ordenanzas municipais de todo ámbito urbanístico e de medio ambiente.
 - Colaboración con outros corpos de protección e seguridade.
 - Tramitación de denuncias e sancións derivadas das ordenanzas municipais.
- 4.- Esta delimitación e desenvolvemento funcional das áreas da Administración municipal realízase sen prexuízo da responsabilidade administrativa que corresponde aos funcionarios con habilitación nacional, a saber:
- Secretaría
 - Fe pública dos actos dos órganos municipais nos caso que proceda legalmente.
 - Asesoramento legal preceptivo.
 - E as demais que lle encomende a normativa aplicable.
 - Intervención
 - Control e fiscalización interna da xestión económica, financeira e orzamentaria.
 - E as demais que lle encomende a normativa aplicable.
- 5.- Ao director de área, en canto que é o responsable da xestión funcional e operativa dunha área, correspóndelle a tal efecto:
- Desempeñar as súas funcións de acordo aos criterios e prioridades establecidos polo coordinador da área -que lle corresponda dentro da Organización política do Concello-, e segundo os procedementos fixados no Comité de Xestión.
 - Propoñer os proxectos da súa área para alcanzar os obxectivos establecidos pola Xunta de Goberno Local, dirixir estes proxectos, controlar a súa adecuada execución e avaliar os resultados obtidos.
 - Exercer as competencias atribuídas á Dirección, e ás que lle sexan desconcentradas ou delegadas.
 - Propoñer á Xunta de Goberno Local a resolución que estime procedente sobre os asuntos da súa área de responsabilidade.
 - Impulsar e supervisar as actividades que forman parte da xestión ordinaria da súa área de responsabilidade, e velar polo bo funcionamento das unidades dependentes e do persoal integrado nestas.
- 6.- Todos os directores das áreas municipais constituirán un comité de xestión cos obxectivos de:
- Coordinar a actividade administrativa municipal no seu conxunto.
 - Asegurar a eficacia e eficiencia de utilización dos recursos municipais.
 - Garantir a calidade de atención ao cidadán nos servizos municipais.
 - Diseñar proxectos e formular obxectivos e elaborar plans de actuacións comúns a todas as áreas municipais.
- 7.- O Comité de Xestión estará presidido polo concelleiro, membro da Xunta de Goberno Local, que sexa o responsable dos asuntos de Economía e Facenda.
- 8.- O presidente do Comité de Xestión poderá solicitar a participación no dito comité de calquera outro persoal ao servizo do Concello, cara a prestar apoio e asesoramento sobre a materia da súa especialidade ou competencia.
- 9.- A Unidade Administrativa do Concello deberá dar apoio e soporte a todas as áreas municipais, de acordo cos criterios e procedementos emanados do Comité de Xestión. Esta función de apoio e soporte suporá que a unidade administrativa tramitará todos os expediente administrativos, o arquivo municipal, a estatística municipal, e calquera outra tarefa que lle sexa encomendada polo Comité de Xestión. Para facilitar a coordinación deste apoio administrativo, o xefe da Unidade Administrativa dependerá directamente do presidente do Comité de Xestión.

10.- En base a todo o anterior, o organigrama funcional municipal queda establecido do seguinte modo:



O que se somete ao Pleno para mellor decisión, polo alcalde-presidente do Concello, o día 11 de outubro do ano dous mil catro.

Dáse lectura, así mesmo, dos informes favorables de Intervención e Secretaría.

"Informe de Intervención

Asunto: proposta de nova organización funcional.

Examinada por esta Intervención a proposta formulada pola Alcaldía da nova organización funcional do Concello de Miño estruturada en catro grandes áreas, obsérvase que no caso de que o Pleno do Concello procedese á súa aprobación isto non comportaría novas obrigas económicas.

Miño, 8 de outubro de 2004.

A interventora,

Marta Roca Naveira

Informe de Secretaría

Examinada a anterior proposta da Alcaldía dunha nova organización funcional deste Concello, estruturada nun comité de xestión e catro áreas, elevándoa ao Pleno para a súa aprobación, teño o deber de informar:

A Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, dispón no seu artigo 21. a), que a Alcaldía ostenta entre outras atribucións a de: "dirixir o goberno e a administración municipal", e o art. 41.2 do ROF establece entre outras como atribucións do alcalde: "Dirixir o goberno e administración municipal e no marco do regulamento orgánico, a organización dos servizos administrativos da Corporación".

A Lei 7/85 no seu artigo 92 dispón: "son funcións públicas, cuxo cumprimento queda reservado exclusivamente a persoal suxeito ao Estatuto de funcionarios, as que impliquen exercicio de autoridade, as de fe pública e asesoramento legal preceptivo, as de control e fiscalización interna da xestión económico-financieira e orzamentaria, as de contabilidade e tesourería e, en xeral, aquelas que, en desenvolvemento da presente lei, se reserven aos funcionarios para a mellor garantía da obxectividade, imparcialidade e independencia no exercicio da función.

O núm. 3 deste artigo 92 establece: "son funcións públicas necesarias en todas as corporacións locais, cuxa responsabilidade administrativa está reservada a funcionarios con habilitación de carácter nacional:

- a) As de secretario, comprensiva de fe pública e o asesoramento legal preceptivo.
- b) O control e fiscalización interna da xestión económica-financeira e orzamentaria e a contabilidade, tesourería e recadación.

É unha atribución da Alcaldía, a organización dos servizos administrativos e nada hai que opoñer legalmente a que esta proposta a someta ao Pleno do Concello para a súa aprobación se o estima procedente, toda vez que deixa a salvo as funcións públicas reservadas pola normativa legal a determinados funcionarios.

Procede legalmente a aprobación da proposta.

Non obstante, o Pleno co seu mellor criterio toda vez que a somete a este, acordará o que estime procedente.

É o meu informe que someto a calquera outro mellor fundado en dereito.

Miño, 13 de outubro de 2004

O secretario xeral"

O concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado manifesta que se vai abster neste punto, xa que, di, isto é facultade do equipo de goberno e pide que se clarifique canto antes que concelleiros van levar estas áreas.

O Sr. Cortizas Rodríguez, concelleiro do PSG-PSOE, sinalou que votaría en contra, xa que ao seu xuízo o Gabinete da Alcaldía é ineficaz e non se di quen vai dirixir estas áreas.

Sometida a votación a proposta, co voto en contra do concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas, a abstención do concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado e o voto favorable dos once membros restantes da Corporación, queda aprobada nos seus propios termos.

10.- MOCIÓNS.- O concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado dá lectura á seguinte moción: "Miguel Anxo Abraira Sobrado, como concelleiro Portavoz do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

EXPÓN:

A morte do Poeta Manuel María foi unha gran traxedia para o mundo da cultura galega, pois co seu finamento perdeuse unha das persoas máis ilustres das letras galegas. A súa prolifera obra así como o fondo sentimento dos seus poemas convertiron a Manuel María como a voz sensible do pobo Galego. A súa figura xa en vida contou cun importante recoñecemento público que en certa medida se veu reforzada ao ser nomeado membro da Real Academia da Lingua.

Por todo ilo consideramos que corresponde a corporación de Miño non deixar que a perda da figura deste ilustre escritor pase desapercibida e por tanto propomos a toma dos seguintes

ACORDOS:

1º.- O Concello Pleno de Miño lamenta profundamente a morte do poeta Manuel María e acorda trasladar o pésame á súa viúva.

2º.- O concello Pleno de Miño decide honrar a súa memoria coa adicación dunha rua co seu nome. Dita rua sera na medida do posible consensuada entre os distintos grupos políticos da corporación nalgunha das proximas comisións informativas.

Sometida a votación a urxencia, apróbase esta coa abstención do concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas e doce votos a favor, e éntrase a debater esta.

A Presidencia sinala estar totalmente de acordo na figura ilustre do falecido que debe ser recoñecida, se ben por transcourir algún tempo desde o seu falecemento, entende que non proceda agora facer comunicación ningunha de traslado do pésame e no relativo a dedicarlle algunha rúa, propón que se discuta na comisión informativa. O concelleiro Sr. Abraira manifesta que retira o da comunicación do pésame. O Pleno

do Concello por unanimidade aproba a moción e que a comisión informativa dictamine o dedicar a esta figura das letras unha rúa do municipio.

- O mesmo concelleiro Sr. Abraira dá lectura á seguinte moción: "Miguel Anxo Abraira Sobrado, como concelleiro Portavoz do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO EXPÓN:

O concelleiro que asina a presente insistiu en diversas ocasións na necesidade de atender a demanda dos veciños e veciñas de Sombreo que demanda o arranxo do camiño da Torre que se atopa totalmente destrozado por mor de diversas obras e do paso de camións

Por todo o antedito

PROPONSE

Instar ao sr Alcalde-Presidente para que no prazo non superior a 3 meses dea as ordes e faga os tramites pertinentes para que o mentado camiño sexa adecentado."

Sometida a votación a urxencia da moción, é aprobada por sete votos a favor e seis en contra.

O Sr. alcalde sinala que está a favor do amaño do camiño e o Pleno do Concello acorda por unanimidade a súa aprobación.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.- O concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas dá lectura ao seguinte escrito: "Don **ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ**, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Miño comparece e como mellor en Dereito proceda **DI**:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.6 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno os seguintes:

ROGO

1º.- Que o transporte interparroquial que está a funcionar, na actualidade, como servizo para o Centro de Saúde.

Fixe unha parada no entorno do lugar de Loios, dado que as persoas de maior idade d esta zona, teñen que facer un maior desprazamento, ata o Centro, (aproximadamente un quilometro e medio), ademais en sentido ascendente, a diferenza doutros veciños residentes en zonas periféricas do casco urbano.

En Miño, 15 de outubro de 2004

Asdo. Antonio Cortizas Rodríguez

Voceiro do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE de Miño."

A Alcaldía contesta que se estudará.

- O mesmo concelleiro dá lectura ao seguinte escrito:

"Don **ANTONIO CORTIZAS RODRÍGUEZ**, na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Miño comparece e como mellor en Dereito proceda **DI**:

Que ó abeiro do disposto no artigo 97.6 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno os seguintes:

ROGO

1.- Que a celebración das Sesións Plenarias, se manteñan no horario habitual das 20:00 horas, establecido no Pleno de constitución.

Miño, 15 de outubro de 2004

Asdo. Antonio Cortizas Rodríguez

Voceiro do Grupo Municipal do PSGdeG-PSOE de Miño."

A Presidencia sinala que xa lle indicara que este día e a esa hora tiña unha obrigación que cumprir e esa foi a causa do cambio de horario.

- O Sr. Abraira Sobrado formula as seguintes preguntas:

1º.- ¿Por qué o arcén existente diante do edificio en obras na beirarua A Galea que sita oposto ao centro de saúde non ten o ancho suficiente para que poida nel estacionar os vehículos?

2º.- ¿Por qué non están en funcionamento as depuradoras de Calobre e Carantoña?

3º.- ¿Cando prevé o Concello rematar as obras de urbanización das vivendas de promoción en Sombreo?

4º.- ¿Considera o Sr. Alcalde que o feito da existencia de locais sociais nas parroquias debe ser empregado para acercar actividades culturais, deportivas, lecer etc aos veciños e veciñas? ¿Por qué o concello casi non organiza actos nos locais sociais da parroquias?"

A concelleira Sra. Vilariño González contesta que se realizan actividades nas parroquias e algún acto tivo que ser suspendido por non acudir xente a estes.

- O Sr. Cortizas Rodríguez dá lectura á seguinte pregunta: **¿En que situación se atopan as obras de ampliación da captación de auga e construción de depósitos reguladores, referentes o Convenio firmado coa empresa Fadesa?**

O Sr. alcalde contesta que se está estudando e comprobando que as obras se realizaron no proxecto que financia a Xunta de Galicia para que non haxa duplicidade.

Non habendo outros asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás catorce horas, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente

O secretario,